

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946), ensaísta, dramaturgo, poeta, xornalista, narrador, e un dos autores de máis consolidada traxectoria no noso corpus literario, vén de publicar en Xerais, neste 2015, a súa última novela, *Antípodas*, un texto que nos fala de esperanza e de futuro polos vieiros do marxinal, de algo tan frecuente hoxe como emigrar para sobrevivir. O autor ten declarado que esta obra xorde dunha renacida vontade de crear tras unha experiencia persoal límite.

Se hai alguén que teña a tentación de querer resumir o argumento, que desista; este é outro tipo de novela, aquí prima o vivencial, o sentir fronte ao saber, dos “cadaquén que inventan soles contra o abismo”.

Plinio, a personaxe que atravesa os textos-capítulos, é un sufridor, un neno de incluso polo que sentimos simpatía dende o inicio da obra dada a súa aparente sinxeleza de pensamento, “Calquera día penso en min e desespero”. Por veces mesmo semella que existe só para nos dar conta da adversidade do tempo que lle toca vivir, “Son de nin-

guén e vivo en algures que me coida cando regreso da intemperie”. Ao seu redor un pequeno grupo de personaxes conforman o microcos-

Narrativa en bucle

Traspasando as fronteiras xenéricas

PILAR PONTE


mos de Luneda. Luneda dálle nome a dúas personaxes, dunha banda á cadela que acompaña a Plinio, e doutra á cidade, ese “cubil dos desherdados” co seu barrio do alcol no que hai unha “broza grande das vidas que se van perdendo”. Mais que ninguén pense que é unha obra da derrota, antes ben, éo da supervivencia aínda que esta pase pola fuxida da emigración.

O discurso literario estrutúrase en noventa e un capítulos de moi curta extensión de apenas

páxina e media na maioría das ocasións. Isto ten dúas vantaxes: dunha banda, dálle maior liberdade de movemento ao escritor en plena efervescencia creativa e, doutra, permítelle ir creando unha dependencia lectora no consumo desas pequenas píulas de realidade ou soño, tanto ten,

xa que de ambas as dúas nos alimentamos. E en cada dose subminiástranos un algo do universo de Plinio, dese particular “paraíso da soidade” seu.

Atopamos unha narrativa en bucle nunha espiral sobre si mesma onde por veces perdemos o sentido da orientación nas piruetas acrobáticas e esquecemos se estamos no presente ou no pasado, no vivido ou no lembrado, ou quizais no imaxina-



do que nunca foi porque todo é igual de real para Plinio.

Fóra xa da evidente riqueza léxica do texto, podemos observar cara ao seu final unha experimentación de carácter lingüístico. O autor xo-

ga coa tipografía, as maiúsculas, as cursivas adquiren protagonismo e caen as letras caligramáticamente ata chegar ao encefalograma plano da liña sen espazos. “Non hai ortografía da viaxe”, rómpense as regras do discurso lóxico narrativo e a palabra eslúese en grafías que se repiten na procura dunha onomatopea complexa mentres a sinestesia nos alimenta de cote. Adeus á puntuación. Traspásanse as fronteiras xenéricas e da linguaxe poética pasamos á poesía e do diálogo á alegoría teatral dos amores entre a banca e o capital porque a lingua, esa “fala” que reivindica Pintor, debe estar ao servizo do creador aínda cando este destrúa o discurso nesta viaxe cara ao paraíso de todos os idiomas recoñecidos.

O voo literario de Xosé Vázquez Pintor cara ao paraíso da creación traza con *Antípodas* unha fermosa reviravolta do que somos que de seguro ha de merecer un posto singular na literatura galega deste século.

VÁZQUEZ PINTOR, X., *Antípodas*, Ed. Xerais, Vigo, 2015, PVP: 16, 65 €

*Sentimos simpatía
polo protagonista
desde o inicio
da obra*